

Proxecto do Obradoiro de Igualdade

IES San Clemente

Ano escolar 2020 - 2021



Índice

[Introdución](#)

[Integrantes Obradoiro da Igualdade](#)

[Historia do IES San Clemente](#)

[Localización](#)

[Organización e horario do centro](#)

[Estudo da Igualdade do centro](#)

[6.1.- Situación do profesorado](#)

[6.2.- Situación do alumnado](#)

[Oferta académica](#)

[Alumnado matriculado](#)

[Obxectivos](#)

[Actividades principais](#)

[10.1.- Plan Proxecta “Donas de si”](#)

[10.2.- Concursos e certames](#)

[10.3.- Proxectos fin de ciclo para a promoción da Igualdade](#)

[10.4.- Proxectos eTwinning](#)

[Difusión dos resultados](#)

1. Introducción

No IES San Clemente desenvóléronse desde 2010 proxectos e actividades que contemplan a promoción da igualdade a todos os niveis.

A día de hoxe, os centros de ensino non son simplemente o espazo físico onde adquirimos unha serie de coñecementos, senón tamén un contexto no que acadar valores e actitudes de respecto que axuden a harmonizar a convivencia nos propios centros e nas sociedades nas que vivimos. Neste sentido, o presente Plan de Igualdade busca achegar actitudes de igualdade de xénero á comunidade educativa do IES San Clemente e ideouse tendo en conta a peculiaridade do noso alumnado..

Por esta razón, e porque o método de traballo de cursos precedentes debe ser revisado e a actividade a desenvolver axeitada cos obxectivos perseguidos, este proxecto busca consolidar un método de traballo que se poida levar a cabo de forma continuada no presente curso escolar e nos cursos posteriores, polo que sería considerado como plan plurianual.

Pódese consultar este proxecto no seguinte enderezo:

<https://www.iessanclemente.net/obradoiro-da-igualdade/obradoiro-da-igualdade-equipo/>

2. Integrantes Obradoiro da Igualdade

No IES San Clemente constituíuse un equipo integrante do Obradoiro da Igualdade, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado por unha persoa para coordinación, profesorado, representantes do alumnado e persoal non docente.

A continuación indícase a composición do Obradoiro de Igualdade do IES San Clemente:

Coordinación:

Cristina Puga Fernández Informática

Profesorado:

Álex Dapena Mora Informática

Isabel Gamallo Gómez Informática

Alumnado:

Carla Pérez Sampedro 2ASIR

Manuel Esperón Parada 1DAW

Óscar García Gómez ASIR-Modular

Persoal non docente:

Carme Otero Cruz Conserxaría

3. Historia do IES San Clemente

A historia do IES remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doou uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller aos nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación a través de D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades non comezaron até o ano 1953 que, curiosamente, coincide tamén co momento en que o Papa Pío XII designou cardeal a Don Fernando Quiroga Palacios.

A historia vén demostrar que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional... Non foi até a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Foi sempre de titularidade pública e, polo tanto, depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

4. Localización

O centro está situado na cidade de Santiago de Compostela, na rúa San Clemente s/n.

Desde a nosa plataforma educativa podemos levar o noso idioma a todos os lugares do planeta.

5. Organización e horario do centro

O centro conta cun horario amplo, tanto para realizar calquera proceso administrativo como para estudar calquera das ensinanzas impartidas.

Horario do centro: 8:45 – 14:35 e 16:00 – 23:00 h.

Horario de atención ao público da oficina:

Mañás: de luns a venres, 9:00 – 14:00 h.

Tardes: martes e xoves, 17:00 – 19:00 h.

O centro conta tamén cun cadro de persoal que traballa en equipo dentro dun marco de cordialidade.


6. Estudo da Igualdade do centro

6.1.- Situación do profesorado

O profesorado encargado de bacharelato e ESA a distancia, en canto a igualdade de xénero presenta unha distribución equitativa.

Pola contra, no caso das ensinanzas de FP de Informática que levamos a cabo no centro, a presenza da muller no perfil de profesorado é notablemente inferior á presenza masculina, como pode apreciarse no seguinte gráfico.

Xénero profesorado FP Informática



A actitude xeral do profesorado cara a Igualdade é positiva, aínda que se pretende mellorar coa participación activa en actividades e proxectos, así como eliminar certos perxuizos que poidan haber respecto desta temática.

6.2.- Situación do alumnado

O alumnado é de procedencia xeográfica e clase social variadas:

- O alumnado dos ciclos formativos (ordinario, modular e a distancia) non só provén dos concellos limítrofes, senón de toda Galicia.
- O alumnado matriculado na ESA telemática procede de toda Galicia.
- O alumnado inscrito en Bacharelato procede de toda a comunidade, por ser este centro o único en Galicia que imparte esta modalidade a distancia. Pero constatamos, pola comunicación mantida a través da plataforma virtual, que pode atoparse fóra da comunidade e mesmo do país mentres realiza os seus estudos.

En canto a igualdade de xénero, no caso dos ciclos de informática que aquí se imparten, tanto presencialmente como a distancia, a meirande parte do alumnado son homes. Por tanto, consideramos que é importante visibilizar a figura da muller e promover actitudes de respecto nun ámbito tecnolóxico xa que na sociedade actual segue a ter principalmente unha presenza maioritaria masculina.

O Obradoiro da Igualdade pretende traballar diferentes aspectos da Igualdade a través de concursos, actividades culturais e proxectos que, aínda que sexan compartimentos estanco nas vidas do alumnado, contribúen a mellorar a actitude e a eliminar prexuizos. Tamén queremos facer ver ao alumnado e ao profesorado que a igualdade é importante para a nosa sociedade.

7. Oferta académica

O IES San Clemente ofrece educación tanto presencial como a distancia:

Oferta educativa presencial:

- Ciclo medio Plurilingüe Sistemas Microinformáticos e Redes (SMR).
- Ciclo superior Administración de Sistemas Informáticos en Rede (ASIR).
- Ciclo superior Plurilingüe Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (DAM).
- Ciclo superior Desenvolvemento de Aplicacións Web (DAW).
- Ciclo superior ASIR modular
- Ciclo superior DAW modular
- Ciclo superior DAW dual

Oferta educativa a distancia:

- Ciclo superior SMR modular
- Ciclo superior ASIR modular
- Ciclo superior DAM modular
- Ciclo superior DAW modular
- Bacharelato telemático para persoas adultas.
- ESA telemática.

8. Alumnado matriculado

Estudios	Número de alumnos/as
Ciclos formativos	1.182
Bacharelato (adultos)	638 *
ESA (adultos)	318 *
Total	2.138

* A matrícula está aberta ao longo do ano escolar e estímase unha matrícula similar á do ano pasado, sensiblemente maior que a actual.

9. Obxectivos

O obxectivo principal do Obradoiro da Igualdade é potenciar a igualdade, en calquera das súas liñas, no centro educativo. Pretendemos continuar o proxecto iniciado para a visibilización da muller, perseguindo distintos obxectivos:

- ❑ **Sensibilizar** á comunidade educativa sobre a actual situación desfavorable da muller en distintos ámbitos.
- ❑ **Dar pé á reflexión** e concienciar á comunidade educativa da necesidade da igualdade entre homes e mulleres, para lograr unha sociedade máis xusta e respectuosa.
- ❑ Promover a igualdade entre homes e mulleres para **evitar actitudes machistas e micromachismos, estereotipos, roles de xénero e cosificación** da muller.
- ❑ **Presentar modelos de empoderamento** da muller e actitudes de sonoridade.
- ❑ **Mostrar** ao alumnado a **presenza da muller en calquera ámbito e posto laboral** (artístico, tecnolóxico, científico, etc.)
- ❑ Promover no noso alumnado valores encamiñados á **igualdade de oportunidades** entre homes e mulleres, así como á **conciliación** da vida familiar, persoal e laboral.
- ❑ Incentivar ás alumnas na procura de postos de traballo de responsabilidade, rompendo o **teito de cristal**.
- ❑ **Previr a violencia** física, sexual, verbal e económica que se segue a exercer sobre as mulleres.
- ❑ Axudar ao alumnado a identificar **relacións tóxicas** dentro das relacións amorosas entre homes e mulleres.
- ❑ Empregar unha **linguaxe inclusiva** (tanto oral coma escrita), que teña en conta tanto a homes coma a mulleres, de xeito que estas sexan tamén visibilizadas e representadas.
- ❑ Facilitar ao profesorado distintas ferramentas e **recursos pedagóxicos** para traballar esta temática.
- ❑ Realizar un informe a modo de **avaliación** sobre a evolución das actividades previstas así como do grado de consecución dos obxectivos a acadar, incluíndo propostas de mellora para o próximo curso.

10. Actividades principais

O Obradoiro da Igualdade do IES San Clemente leva varios anos de traxectoria realizando múltiples actividades ao longo de todo o curso. Algunhas delas repítense anualmente con éxito. Cabe destacar o concurso literario que xa leva 33 edicións.

A continuación descríbense con detalle as actividades principais propostas para o presente ano escolar.

10.1.- Plan Proxecta “Donas de si”

Estamos pendentes da concesión do Plan Proxecta solicitado, o cal significaría a concesión de materiais didácticos para traballar co alumnado de FP do noso centro, así como a implicación de máis profesorado para a elaboración de vídeos, apps e/ou outros recursos tecnolóxicos que teñen como eixo principal a temática da igualdade e a visibilización da muller.

10.2.- Concursos e certames

Temos previstas novas convocatorias de concursos e certames que tiveron éxito en anos anteriores e novos concursos nos que ademais do alumnado, tamén poderá participar o resto da comunidade educativa. Pretenden estimular a creación artística para o fomento da igualdade.

- Logotipos para a imaxe corporativa do Obradoiro da Igualdade no IES San Clemente
- 2º Certame de Cartazes para conmemorar o 25N
- 2º Certame de fotografía “Mulleres na sombra”.

Os premios son vales de material educativo e informático.

10.3.- Proxectos fin de ciclo para a promoción da Igualdade

Este ano faremos a primeira edición dun concurso en colaboración co Equipo de Dinamización da Língua Galega, EDLG, que ten como obxectivo crear un conxunto de ideas que poidan ser implementadas polo alumnado de ciclos superiores no módulo *Proxecto de fin de ciclo*. Estas ideas deben tratar as temáticas da igualdade e/ou da lingua galega.

10.4.- Proxectos eTwinning

De cara a traballar a igualdade en colaboración con outros centros escolares distribuídos xeográficamente polo mundo, temos como obxectivo para este curso lectivo, comezar un proxecto na plataforma eTwinning.

Para desenvolver o proxecto, os participantes traballan nunha plataforma en liña que tamén serve para difundir os resultados:

<https://twinspace.etwinning.net/>

11. Difusión dos resultados

A difusión do resultado das actividades farase a través de:

- Web: www.iessanclemente.net
- Facebook: www.facebook.com/iessanclemente
- Twitter: twitter.com/iessanclemente
- Instagram: www.instagram.com/iessanclemente

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2020.

A coordinadora do
Obradoiro da Igualdade



Cristina Puga Fernández

Visto e prace da directora



Carmen Viñas Álvarez